



XUNTA DE GALICIA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ENTIDADE PÚBLICA INSTRUMENTAL AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº 2 DA CIDADE DA CORUÑA ANTIGA SEDE DA DELEGACIÓN DE SANIDADE

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, conselleiro de Facenda, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 16/2015, do 9 de febreiro, polo que se lle nomea para tal cargo.

Doutra parte, dona _____, conselleira de Infraestruturas e Vivenda, nomeada para o devandito cargo por Decreto 148/2016, de 13 de novembro, e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 9 dos estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobados mediante Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade para asinar o presente acordo de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Facenda configúrase como o departamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuídas as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, de conformidade coa lexislación vixente.

Así, consonte o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da dita consellería, entre os seus obxectivos, atópase a coordinación e normalización do tráfico xurídico dos bens patrimoniais da Comunidade Autónoma e a forma de utilización dos bens de dominio público, así como a xestión de todos os asuntos concernentes á administración e ao tráfico dos ditos bens



XUNTA DE GALICIA

Neste senso, a Consellería de Facenda ten atribuídas as competencias en materia da construción, reforma, gran reparación ou rehabilitación de inmobles destinados a albergar edificios administrativos de uso compartido ou espazos adscritos a máis dunha consellería ou entidade pública instrumental, así como cando ditas obras afecten á imaxe unificada do edificio, no referido ás súas características técnicas e construtivas, segundo se deriva do artigo 98 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

No marco destas atribucións, a Consellería de Facenda desenvolveu un estudo técnico para a **REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DA CIDADE DA CORUÑA**

O edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 foi transferido en propiedade polo Estado polo Real Decreto 2368/1984, do 19 de febreiro (BOE do 16 de xaneiro de 1985), en materia de Sanidade.

O traslado das oficinas da actual xefatura territorial de Sanidade na Coruña deixou sen uso o inmovible de Gregorio Hernández, circunstancia polo que se formula o aproveitamento deste co fin de que evitar un deterioro que faga imposible o seu uso.

II.-A Consellería de Infraestruturas e Vivenda -en adiante, CIV -configúrase, de acordo co disposto no Decreto 165/2015, do 13 de novembro, que aproba a súa estrutura orgánica, como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma responsable de materializar as políticas impulsadas pola Xunta de Galicia no eido competencial en materia de infraestruturas, mobilidade e vivenda, co fin de contribuír decisivamente a unha nova etapa de crecemento e desenvolvemento económico da nosa comunidade autónoma.

Asemade, para o desenvolvemento das súas funcións, esta consellería conta, entre outras, coa entidade instrumental adscrita Axencia Galega de Infraestruturas, creada en virtude da autorización prevista na disposición adicional cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o seu estatuto.

III.-Para acometer as obras de rehabilitación integral do edificio, a Consellería de Facenda carece dos medios persoais e técnicos para desenvolver axeitadamente as actuacións.

IV. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico, partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Asemade, introduce no seu artigo 8 como novidade o concepto de autoprovisión de



XUNTA DE GALICIA

bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que" *cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración asistencia doutros órganos da administración xeral da comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan*".

E, prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos e procedementos, tales coma protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns etc.

Neste sentido, a Axencia Galega de Infraestruturas concíbese como unha estrutura organizativa capaz de responder aos mandatos ou encargos, que en relación coas súas competencias ou atribucións, lle encomenden as consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia coa máxima celeridade, calidade e co mínimo custo posible e salvagardando, en todo momento, as garantías necesarias para unha axeitada defensa dos intereses públicos afectados.

V.-De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, no seu artigo 1 dos citados estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas dispónse, entre outras cousas, que son obxectivos básicos da axencia impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Tamén poderá a axencia, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre ás que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas en virtude de encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

VI.-A obriga legal de realizar determinadas actividades tanto de carácter xurídico como técnicas, materiais e de servizos no curso da preparación, selección de contratista e adxudicación así como durante a execución dun contrato público unido a insuficiencia de medios suficientes na Consellería de Facenda para a materialización de ditas actividades e o alto grao de especialización e eficiencia adquirida pola experiencia na tramitación e xestión de contratos públicos polo persoal da AXI posibilita unha colaboración entre ambos que permita garantir unha maior eficacia na tramitación, licitación e execución dos edificios administrativos, e,



XUNTA DE GALICIA

máis concretamente, coma acontece neste caso, da redacción do proxecto BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 ao poder encargar á AXI a realización das actividades necesarias para a execución desta actuación, no marco proporcionado polo Lei 14/2013, do 26 de decembro.

VII.- En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a Axencia Galega de Infraestruturas lle preste a súa cooperación á Consellería de Facenda na realización das actividades sinaladas no expoñendo anterior.

Por dita razón, resulta obrigado regular as condicións básicas da colaboración para realizar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº (A CORUÑA) que se desenvolverá suxeita ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O presente acordo de colaboración ten por obxecto encargar á Axencia Galega de Infraestruturas a elaboración do **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DE (A CORUÑA)**, segundo obran programadas no documento técnico que figura no Anexo I.

Para a realización deste encargo a AXI asume a posición de órgano encargado e desenvolverá todos aqueles actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución de servizos de interese público, e de conformidade co disposto nos artigos 10, 14, 16 e 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Segunda.- Obrigas das partes participantes no Acordo

Durante a execución do encargo para a elaboración do proxecto básico e de execución da REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DE (A CORUÑA), a Consellería de facenda e a AXI suxeitarán a súa actuación as seguintes condicións esenciais de execución:

Por parte da Consellería de Facenda obrígase a realizar as seguintes actuacións:

1. Prestar, cando lle sexa requirido pola AXI, en calquera do estado no que se atope a execución do presente acordo de colaboración a axuda e



XUNTA DE GALICIA

colaboración técnica necesaria para desenvolver satisfactoriamente a redacción do proxecto básico e de execución da REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DE (A CORUÑA).

2. Remitir á AXI toda a documentación técnica, xurídica e patrimonial relativa ao edificio en cuestión, e, en especial, o documento técnico que figura no Anexo I.
3. Poñer a disposición da AXI, de ser o caso, o edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2, para a execución das actuacións de orde técnico necesarias de cara á elaboración do proxecto básico e de execución referido .
4. Asumir, de ser o caso, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias, que necesariamente deban ser solicitadas pola Consellería de Facenda.
5. Asistir ó acto de recepción do proxecto básico e de execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2, de conformidade coa cláusula novena.
6. Aprobar o proxecto básico e de execución de Reforma e Rehabilitación funcional do edificio administrativo sito na Gregorio Hernández nº2.

Por parte da AXI obrígase a realizar as seguintes actuacións:



Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación da elaboración do proxecto básico e de execución da obra de Reforma e Rehabilitación do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña, partindo do documento técnico que figura no Anexo I.

Asemade, tamén incluírá a realización dun Estudo/informe de avaliación e aptitude do estado actual da estrutura do edificio, incluídas as probas e ensaios que determinen a súa capacidade portante e/ou patoloxías así como unha Auditoría enerxética.



2. Dirixir a execución e recibir o proxecto básico e de execución de Reforma e Rehabilitación funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña
3. Supervisar e Replantear o proxecto básico e de execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña.



Terceira.- Execución das actividades obxecto de colaboración

Por parte da AXI, realizarase a actuación obxecto deste acordo co gallo de garantir a correcta tramitación e execución da redacción do proxecto básico e de execución da obra de Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña.

Cuarta.- Comisión Técnica

Co fin de garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir durante a execución da prestación encargada poderá constituírse unha Comisión Técnica durante o período de vixencia deste Acordo.

As funcións desta comisión consistirían no seguimento dos traballos derivados da formalización deste acordo de cooperación, podendo elaborar ou avaliar todo tipo de informes de natureza técnica relacionados con calquera das fases de actuación comprendidas na Reforma e Rehabilitación do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña, e, en concreto, nas posibles incidencias, modificacións ou servizos complementarios que puidesen ser necesarias.

As desconformidades que emita esta Comisión no exercicio das súas funcións deberán estar motivadas tecnicamente, debendo propoñer por este órgano, no seu caso, as alternativas que se consideren oportunas.

A dita comisión técnica estará formada por dous representantes da Consellería de Facenda e dous representantes da AXI. Os representantes poderán estar asistidos polas persoas que estimen oportunas, previa comunicación da súa designación previamente ó desenvolvemento da reunión. Os representantes e asistentes de cada unha das entidades participantes neste acordo serán designados polo seu presidente/a.

A Comisión Técnica reunirase, previa convocatoria do representante da AXI, a petición dunha das partes.

Os integrantes desta comisión, cando así lles requira, poderán asistir ás reunións da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento regulada na condición novena.

Quinta.- Ausencia de retribución ou tarifas.

A realización das actividades e/ou actos e negocios xurídicos necesarios para a execución do proxecto básico e de execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña, por parte da AXI efectuarase a título gratuito, sen que exista retribución ou tarifa.



XUNTA DE GALICIA

Sexta.- Réxime para o financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a realización da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña

No tocante á financiación do presente acordo de cooperación, a Consellería de Facenda constitúese como órgano financiador do presente Acordo, comprometéndose a cumprir o réxime de financiamento de seguido relacionado, para a execución do Proxecto Básico e de Execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña.

O importe total das actuacións obxecto do acordo de cooperación para a realización do Proxecto Básico e de Execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña ascende a 138.182,94 €, (IVE engadido) distribuídos nas seguintes anualidades:

Ano 2017: 1.815,00 €

Ano 2018: 136.367,94 €

Estas cantidades serán transferidos pola Consellería de Facenda á aplicación orzamentaria 08.01.621A.732.04 dos orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a súa ampliación na aplicación orzamentaria 08.A1.621A. 632.1 da AXI.

Con carácter previo ao inicio de cada expediente de contratación consonte regula o artigo 16 b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades a achegar pola Consellería de Facenda mediante a dotación nos orzamentos da AXI da cantidade económica correspondente a liquidación en concreto.

Os maiores gastos que se deriven da execución dos contratos sobre o orzamento de adxudicación, derivados de reaxustes, modificacións contractuais, revisións de prezos ou liquidacións, etc., corresponderán á Consellería de Facenda e requirirán a realización dunha previa addenda ao acordo de cooperación na que se contemple a retención dos maiores créditos precisos e a súa dotación nos orzamentos da AXI. En calquera caso a aprobación de revisións ou modificacións do contrato precisarán a conformidade previa da Consellería de Facenda.

Consonte ao previsto no artigo 15.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, atribúeselle a condición de órgano de contratación á AXI, quen iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, motivando a necesidade dos contratos nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, para o que contará tamén coa información facilitada pola Consellería de Facenda.

O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adxudicación dos contratos actuará nos expedientes de contratación e na execución dos contratos en nome propio, con base no presente acordo de colaboración e poderá exercer todas as potestades que a lexislación recoñece ao órgano de contratación fronte aos contratistas.



XUNTA DE GALICIA

Así, regularase nos pregos de condicións de xeito expreso e claro o órgano de contratación que se ocupará da tramitación, adxudicación e formalización do contrato, a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano destinatario que procederá ao abono das facturas.

Sétima.- Prazo de duración

A eficacia do acordo de cooperación para a execución do Proxecto Básico e de Execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña estenderase dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

O dito prazo prorrogarase expresamente por períodos de un (1) ano, agás que se exprese por algunha das partes a vontade da súa resolución cunha antelación mínima dun mes á data de remate deste e, en todo caso, ata que as actuacións sexan realizadas de conformidade.

Oitava.-Comisión mixta de coordinación e seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo de colaboración crearase unha comisión mixta de coordinación e seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade para levar a cabo a coordinación, supervisión seguimento e control das actividades necesarias para a execución do Proxecto Básico e de Execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña

Dita comisión estará formada por un representante da Consellería de Facenda e un representante da AXI. Cada un dos representantes poderá estar asistido polos recursos que estime oportuno, previa comunicación da súa designación previamente desenvolvemento da reunión.

Asemade, esta comisión mixta de coordinación e seguimento reunirse por petición de calquera das partes asinantes, co obxecto de examinar as incidencias e os resultados da colaboración realizada.

Novena.- Recepción da actuación REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DE A CORUÑA

Unha vez levada a cabo a execución do proxecto básico e de execución da Reforma e Rehabilitación do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña e tras o cumprimento dos trámites contractuais entre a AXI e o contratista, procederase á recepción desta.



XUNTA DE GALICIA

A recepción do servizo desenvolverase de acordo co réxime xurídico previsto para este acto nos artigos 222 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Á dita recepción asistirá un representante da Consellería de Facenda, un representante da AXI, o director facultativo do servizo, o representante da Intervención, si asiste, e un representante do contratista.

Da recepción do servizo en cuestión levantarase unha acta na que se farán constar todas as circunstancias que se consideren oportunas en relación coa correspondente elaboración do proxecto e modificacións aprobadas, de ser o caso.

Así mesmo, a acta de recepción terá, a todos os efectos, o de entrega do servizo á Consellería de Facenda, circunstancia que se recollera expresamente na acta especificada no parágrafo anterior.

Décima.-Causas de resolución

Serán causas de resolución:

- a) Incumprimento total ou parcial dalgunha das condicións esenciais que regulan o presente acordo de cooperación.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.
- c) O mutuo acordo das partes asinantes.
- d) Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Undécima.-Réxime xurídico

O presente acordo de cooperación para a realización do Proxecto Básico e de execución da Reforma e Rehabilitación Funcional do edificio administrativo sito na Rúa Gregorio Hernández nº2 de A Coruña constitúe o instrumento xurídico polo que se regula a prestación a desenvolver por parte da AXI, consonte o artigo 10, 14, 15, 16 e 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Asemade, tamén será de aplicación os artigos 9 e 10 da Lei 16/2010, de 17 de decembro así como os artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010 e 4.1. n) en relación co 24.6 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, cando se encargue a unha entidade que teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico da AXI, a realización dunha determinada prestación.

No non previsto nestas condicións básicas de execución, tamén lle serán de aplicación os principios inspiradores das citadas normas legais para resolver as dúbidas e lagoas que puideran producirse.

especificamente, no caso das discrepancias que se poidan producir no cumprimento e execución do presente acordo de colaboración resolveranse nos termos previstos no artigo 18.3 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, en relación co



XUNTA DE GALICIA

artigo 13 da Lei 16/2010 do 17 de decembro.

En proba de conformidade asinan o presente Acordo de cooperación, por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.

O Conselleiro de Facenda



A Presidenta da Axencia Galega de
Infraestructuras

